

Proxecto de orde pola que se modifica a Orde do 27 de xuño de 2023 pola que se establecen as normas relativas ao uso público e de actividades recreativas nos Illotes dos Guidoiros e Illa de Rúa.

O 03.07.2023, publicase no Diario Oficial de Galicia nº 125 a Orde da entón Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda do 27 de xuño de 2023 pola que se establecen as normas relativas ao uso público e de actividades recreativas nos Illotes dos Guidoiros e Illa de Rúa.

Esta Orde do 27.06.23 tiña como finalidade establecer unhas normas relativas á regulación do uso público, incluíndo as diferentes actividades de lecer e tempo libre, como actividades educativas, deportivas, recreativas, no ámbito terrestre dos Illotes dos Guidoiros e Illa de Rúa e das láminas de auga correspondentes a estes Illas, especificando neste sentido os usos prohibidos, os autorizables e os permitidos, xa que logo a adopción destas medidas se estimaron como as medidas apropiadas para evitar que as actividades de uso público seguisen alterando e mesmo deteriorando os hábitats naturais e os hábitats das especies que estaban a afectar a este espazo incluído na Zona especial de Conservación (ZEC ES1140004) "Complexo Ons-O Grove" da Rede Natura 2000 de Galicia.

Tras case dúas tempadas altas completas desenvolvidas coa regulación, cabe indicar que o principal obxectivo trazado, estase a cumprir claramente, xa que a gran afluencia que existía, freouse tanto o verán do 2023 como n0 2024. Non obstante e logo do contacto con algúns representantes do sector implicado detéctanse algúns aspectos susceptibles de mellora.

É polo exposto que en uso destas facultades, a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático estima a necesidade de modificar a Orde do 27 de xuño de 2023 pola que se establecen as normas relativas ao uso público e de actividades recreativas nos Illotes dos Guidoiros e Illa de Rúa co obxecto de dar entrada na mesma a determinadas cuestións demandas polos sectores afectadas, desde a premisa da obriga de compatibilizar un uso público responsable coa preservación dos valores naturais deste espazo protexido

Na súa virtude, no exercicio das facultades que me confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia,

DISPOÑO

Artigo único. Modificación da Orde do 27 de xuño de 2023 pola que se establecen as normas relativas ao uso público e de actividades recreativas nos Illotes dos Guidoiros e Illa de Rúa.

Primeiro. Modifícase o artigo 2."Aprobación das normas de uso público", nos seguintes termos:



I. "2.2. Usos e actividades autorizables.

Son usos e actividades autorizables:

a) O acceso ao illote Areoso, así como o fondeo e a atracada, vinculados con actividades de uso público, incluídas as actividades deportivas e recreativas, as cales se desenvolverán de acordo cos termos da autorización. Estas zonas de fondeo e desembarco estarán convenientemente sinalizadas.

Os menores de 6 anos non están obrigados a obter a autorización de acceso ao Illote Areoso, non contando, polo tanto, no límite de 50 ou 20 persoas na capacidade de carga.

...".

II. "2.3. Usos e actividades prohibidos.

a) O acceso á illa de Rúa e ao Illote Pedregoso na época de cría das aves (entre os meses de marzo e xuño, incluídos, na illa de Rúa e desde o mes de marzo ata o mes de xullo, incluídos, no illote de Pedregoso), e permítese o acceso ao illote Areoso coas condicións establecidas nesta orde. En todo caso, prohibese o acceso á área de nidificación de aves convenientemente sinalizada na zona sur do illote Areoso, e á zona dunar cercada, tamén no Areoso. No caso do Illote Pedregoso, non se permitira o acceso en todo o ano á zona sinalizada como prohibida, polo seu valor de biodiversidade.

...".

Segundo. Dase nova redacción á letra g) do subapartado 2.2 do artigo 2, nos seguintes termos:

"g) O fondeo arredor do illote Areoso a menos dos 800 metros de distancia da zona Intermareal".

Terceiro. Engádese ao subapartado 2.3 do artigo 2 unha letra m), coa seguinte redacción:

"m) Prohíbese a circulación de todo tipo de embarcacións a motor pola zona de baño arredor do illote sinalizada con boias, salvo embarcacións autorizadas pola dirección xeral competente en materia de patrimonio natural, polo que só se permite o acceso ao illote polos 2 canles de acceso ao illote sinalizados".

Cuarto. Modifícase o parágrafo 2 do artigo 3, que queda redactado como segue:

."Artigo 3. Capacidade de carga.

2. A capacidade de carga diaria no espazo obxecto desta protección preventiva distribúese en tres quendas. A primeira quenda será desde o amencer ata as 13.00 do mediodía, a segunda entre as 13.00 a.m. e as 17.00 e a terceira entre as 17.00 e o solpor.

a) Tempada alta. O número máximo de visitantes por día, distribuído por quendas, para a tempada alta queda fixado nos seguintes termos:



I. Acceso ao medio litoral-terrestre. Dadas as dimensións deste medio e os valores que son obxecto de protección nas presentes normas, a presenza de visitantes non poderá superar por quenda as 50 persoas e os grupos serán dun máximo de 25 persoas. A visita quedará limitada ás horas diúrnas, entre o amencer e o anoitecer.

II. Ademais dos 50 visitantes por quenda establecidos no anterior apartado, autorízase a que organismos, empresas ou asociacións rexistradas na aplicación, podan levar ao Illote Areoso un grupo por quenda, dun mínimo de 10 e máximo de 25 visitantes cun guía homologado (non incluído na cota) cunha finalidade cultural e educativa nunha visita de máxima duración de 2 horas, polas zonas autorizadas. Queda excepciónada desta autorización a época de máxima afluencia ao Illote Areoso entre o 15 de xullo e o 31 de agosto.

b) Tempada baixa. O número máximo de visitantes por día, distribuído por quendas, para a tempada baixa, período crítico para a conservación das especies silvestres, queda fixado nos seguintes termos:

I. Acceso ao medio litoral-terrestre. A presenza de visitantes non poderá superar por quenda as 20 persoas, e realizarán a visita preferentemente en grupos de ata 5 persoas acompañadas por unha/un guía habilitada/o oficialmente para algunha das figuras de áreas naturais protexidas, ou responsables de actividades docentes ou ambientais. A visita quedará limitada ás horas diúrnas, entre o amencer e o anoitecer.

II. Ademais dos 20 visitantes por quenda establecidos no anterior apartado, autorízase a que organismos, empresas ou asociacións rexistradas na aplicación (<https://areoso.xunta.gal/>) podan levar ao Illote Areoso un grupo por quenda cunha finalidade educativa e cultural, dun mínimo de 5 e máximo de 15 visitantes cun guía homologado (non incluído na cota) nunha visita de máxima duración de 2 horas, polas zonas autorizadas”.

Quinto. Engádesse un artigo 4 relativo ao acceso ao Illote Areoso, nos seguintes termos:

“Artigo 4. Acceso ao illote Areoso.

1. As persoas autorizadas para o acceso ao illote Areoso non poderán formular unha nova solicitude de acceso ata transcorridos sete días da autorización anterior, con independencia da forma de acceso

2. As solicitudes de acceso ao Illote Areoso xestionarase a través dunha aplicación informática (<https://areoso.xunta.gal/>), quedando obrigado o autorizado a portar xunto coa mesma, a documentación acreditativa da súa identidade.

3. O acceso ao Illote Areoso poderá realizarse por calquera dos seguintes medios, consonte ás condicións que se fixan:

. Fondeo mediante embarcacións:

As embarcacións maiores de 6 metros de eslora deberán fondear na zona habilitada con boias situada ao nordeste do lóbulo superior do illote. Non poderán acceder ao illote directamente e deberán facelo mediante embarcacións auxiliares. Estas embarcacións poderán regresar aos puntos de fondeo unha vez realizado o



desembarco, ou fondear fora das boias que delimitan a zona de baño durante o tempo que abrangue a autorización, nunhas boias habilitadas ao efecto situadas a certa distancia do límite da zona de baño.

As embarcacións de mais de 12 metros de eslora con autorización de acceso ao Illote, deberán fondear nunha zona con maior amplitude habilitada con dúas boias para ese fondeo, e acceder ao illote do mesmo xeito que as embarcacións de entre 6 e 12 metros.

. Embarcacións con motor: Enténdese como artefactos flotantes de recreo con motor (motos náuticas, táboas deslizantes con motor, outros enxeños similares ou pequenas embarcacións) menores de 6 metros de eslora.

As embarcacións de tamaño menor de 2,5 metros poderán varar na praia.

As embarcacións de entre 2,5 e 6 metros e as motos náuticas deberán fondear fóra das boias que delimitan a zona de baño, durante o tempo que abrangue a autorización, nunhas boias habilitadas ao efecto situadas a certa distancia do límite de baño. Deberan varar na zona sinalada na aplicación de acceso ao illote.

. Desembarco directo mediante embarcación: Os visitantes acceden ao illote cunha embarcación con motor contratada que lle deixa no mesmo illote e trala estancia volve a buscalos.

. Embarcacións sen motor: Entenderanse incluídos nesta categoría as piraguas, kaiaks, canoas sen motor, táboas a vela e outros artefactos sen propulsión mecánica. Todas estas embarcacións deberán varar na zona sinalada na aplicación informática para a xestión de acceso ao illote”.

Sexto. O artigo 4. “Réxime de infraccións e sancións” pasa a denominarse artigo 5. “Réxime de infraccións e sancións”, co mesmo contido.

Disposición derogatoria. Derrogación

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto nesta disposición.

Disposición derradeira única. Entrada en vigor

Esta orde entrará en vigor e producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela,

A conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático

Ángeles Vázquez Mejuto